

## ACORDO POLO QUE SE FAI PUBLICA A RELACIÓN DE ORGANIZACIÓNS CANDIDATAS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO-FEMPA 2021-2027

O Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados, establece no título III, capítulo II o Desenvolvemento Territorial.

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, regula no artigo 30 o Desenvolvemento Local Participativo, que se enmarca na Prioridade 3 do fondo, de "Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas".

A Prioridade 3 do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) encadrase no obxectivo político 5 da Unión, de "unha Europa máis próxima aos seu cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais".

O desenvolvemento local participativo é unha modalidade de desenvolvemento territorial que se levará a cabo mediante estratexias de desenvolvemento local participativo baseadas en zonas xeográficas, que está dirixido por grupos de acción local compostos por representantes dos intereses socioeconómicos locais públicos e privados. Os criterios de selección das estratexias, e o proceso de aprobación das mesmas corresponde ás autoridades de xestión.

A orde do 10 de maio de 2022 aproba as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo e grupos de acción local do sector pesqueiro, así como para a concesión da axuda preparatoria, no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia. Esta orde establece os requisitos, procedemento e convocatoria para a selección de estratexias e grupos de acción local do sector pesqueiro.



No artigo 13 da orde de 10 de maio de 2022 establece que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación de candidatos e abrirase un período público de consultas para que calquera persoa integrante da respectiva comunidade alegue o que considere conveniente á candidatura.

Con data 27 de setembro de 2022 a xefa de sección dos Grupos de Acción Costeira do servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, órgano instrutor do procedemento de selección informa da relación de solicitudes presentadas para dito procedemento e propón a publicación da relación de candidatos.

Visto o exposto, esta dirección xeral ACORDA

Facer pública a relación de organizacións candidatas a Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro e abrir un período público de consultas para que todas as persoas interesadas podan realizar as alegacións que consideren oportunas.

Ata o día 14 de outubro, inclusive, queda aberta a fase de consulta pública para realizar as alegacións que consideren oportunas que se presentarán preferentemente na seguinte dirección de correo electrónica: [galp.cm@xunta.gal](mailto:galp.cm@xunta.gal)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Susana Rodríguez Carballo  
(sinatura electrónica)



<b>RELACIÓN DE ORGANIZACIÓNS QUE PRESENTARON CANDIDATURAS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO - FEMPA 2021-2027</b>		
<b>ORGANIZACIÓN CANDIDATA</b>	<b>DOMICILIO SOCIAL</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS)</b>
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO A MARIÑA ORTEGAL	Rúa da Misericordia, 35 Bx (Edificio Indiano) 27850 Viveiro. Lugo	RIBADEO, BARREIROS, FOZ, BURELA, CERVO, XOVE, VIVEIRO, O VICEDO, MAÑÓN, ORTIGUEIRA, CARIÑO, CEDEIRA, VALDOVIÑO
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO NORTE	Rúa O Curro, 33. 15630. Miño. A Coruña	ARES, CABANAS, FENE, FERROL, MIÑO, MUGARDOS, NARÓN, NEDA PADERNE, PONTEDEUME
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR	Avda. do Porto 21 BX 15160 Sada. A Coruña	ARTEIXO, A CORUÑA, CULLEREDO, CAMBRE, OLEIROS, SADA, BERGONDO
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA COSTA DA MORTE	A Camposa, s/n. Buño 15111 Malpica. A Coruña	A LARACHA, CARBALLO, MALPICA, PONTECESO, CABANA DE BERGANTIÑOS, LAXE, CAMARIÑÁS, VIMIANZO, MUXIA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO SEO DE FISTERRA - RÍA MUROS-NOIA COSTA SOSTIBLE	Curro da Praza, 1, 15250 Noia. A Coruña	FISTERRA, CORCUBIÓN, CEE, DUMBRIA, CARNOTA, MUROS, OUTES, NOIA, PORTO DO SON
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE AROUSA	Finca A Maroma. Recinto Fexdega, Avda. Rodríguez de Mendoza s/n. 36600 Vilagarcía de Arousa. Pontevedra	BOIRO, CAMBADOS, CATOIRA, O GROVE, ILLA DE AROUSA, A POBRA DO CARAMIÑAL, RIANXO, RIBADUMIA, RIBEIRA, VILAGARCIA DE AROUSA, VILANOVA DE AROUSA
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA	Departamento de exportadores 14. Lonxa de Marín. Porto de Marín 36900 Marín. Pontevedra	BUEU, MARÍN, PONTEVEDRA, POIO, SANXENXO, MEAÑO
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO-A GUARDA	Avenida Beiramar, 49 -P 3º ofic. 5 Vigo 36202 Pontevedra	CANGAS, MOAÑA, VILABOA, SOUTOMAIOR, REDONDELA, VIGO, NIGRÁN, O ROSAL, OIA, BAIONA, A GUARDA

